

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

IV Concurso de postais de Nadal 2017-2018

EDICTO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Bergondo (A Coruña), en sesión ordinaria de 26 de outubro de 2017, e a proposta de Alcaldía, aprobou as bases do “**IV Concurso de postais de Nadal 2017-2018**”

“En relación ao **IV Concurso de postais de Nadal 2017-2018**, elaboráronse unhas bases que teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder os premios.

Visto o anteriormente exposto; e en cumprimento do previsto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

- **Primeiro.**- Aprobar as **BASES** do IV Concurso de postais de Nadal 2017-2018, tal e como se transcriben a continuación:

“IV CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2017-2018

1. PARTICIPANTES

Poderán participar os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Bergondo, de acordo coas seguintes categorías:

- Educación infantil.
- Educación primaria (1º, 2º e 3º)
- Educación primaria (4º, 5º e 6º)
- Educación secundaria e bacharelato.

2. TEMA

O tema da postal será alusivo o Nadal e valorarase a orixinalidade e a capacidade creativa. Deberán ser inéditas e confeccionadas polo/a concursante. No caso de que conteñan texto deberá ser en galego.

3. PRESENTACIÓN

Os traballos presentaranse ata o 29 de novembro de 2017 (inclusive) na Casa da Cultura en horario de 9.00 a 15.00 horas.

- O formato da postal será en A5 (medio folio normal, 15 x 21 cm.)
- So poderá presentarse unha postal por neno/a.
- Poderá realizarse en sentido horizontal ou vertical.
- O soporte será papel ou cartolina fina.
- A técnica será libre e poderán utilizarse todas as cores.
- É aconsellable que non veñan pregadas por si nalgún momento deciden imprimirse.
- Presentaranse con todos os datos: categoría, nome, enderezo e teléfono na parte posterior da felicitación.

4. PREMIOS

Haberá 1 premio por cada categoría: 1 eReader ou lector de libros electrónicos.

De entre os premiados, o xurado escollerá entre unha das postais para que o concello, se o estima convinte, empregue de felicitación municipal.

5. XURADO

O xurado estará formado por 3 empregados públicos designados polo concello. O fallo emitirase o día 1 de decembro e será público e inapelable.

O xurado poderá declarar deserto o concurso, no seu conxunto, ou en calquera das súas categorías, se así o estiman os seus membros.

Á hora de conceder os premios, teranse en conta os criterios xerais especificados nas bases en canto a tamaño e presentación, ademais dos seguintes aspectos:

- a. A presentación e o acabado da postal.
- b. A orixinalidade, calidade e innovación no deseño.
- c. A imaxinación, creatividade e harmonía na disposición dos elementos da postal.
- d. A complexidade na realización da felicitación.

6. NOTIFICACIÓN AOS GAÑADORES

Aos premiados/as se lles notificará a súa condición a través do número de teléfono que faciliten na felicitación. Tamén será publicado na páxina web do concello.

7. EXPOSICIÓN DE TRABALLOS

Todas as postais presentadas ao concurso poderán ser expostas no concello de Bergondo.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a total aceptación das bases. As postais quedarán en propiedade do Concello de Bergondo que poderá expoñelas, publicalas e editalas en forma de material divulgativo en calquera acción que realice, facendo constar sempre o nome do autor/a. Os/as participantes se responsabilizan na súa totalidade de que non existen dereitos de terceiros, así como toda reclamación por dereitos de imaxe.

Non obstante, o concello comprométese a devolver os traballos non premiados a petición do/a interesado/a.

- **Segundo.-** Que se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que por parte dos interesados, se presenten os traballos correspondentes, no prazo previsto na cláusula 3 das Bases da Convocatoria adxuntas á presente Proposta”

Bergondo, 31 de outubro de 2017

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2017/9408